

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACION DO DIA 30 DE NOVEMBRO DE 2016.

ASISTENTES:

Presidente:

Dna. María Jesús Novo Gómez

Concelleiros:

-

- D. Elisardo Montero Castro
- D. Rogelio Sueiro Carro
- D. Luis Rico Vereá
- D. Jesús Ángel Costoya Rúa
- D. José Luis Rivas Cruz
- D^a. Raquel Val Vázquez
- D^a. Sandra Sanchez Iñiguez
- D. Abelardo Seoane Vázquez
- D. José Balado Casal

Secretaria-Interventora:

D.^a Rebeca Vázquez Vázquez

Na sala de reunións da Casa do Concello de Boimorto, sendo as 10:05 minutos do día trinta de novembro de dous mil dezaseis, xúntase en sesión extraordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os concelleiros relacionados na marxe baixo a presidencia da alcaldesa Dna. María Jesús Novo Gómez.

Non asiste nin xustifica a súa ausencia a concelleira, Dna. Ana Ledo Fernández. Foron asistidos pola secretaria-interventora do Concello Dona Rebeca Vázquez Vázquez.

De seguido o alcaldesa abre a sesión, na que se pasaron a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día:

1.- PROPOSTA ALCALDÍA EXPEDIENTE CONTRATACIÓN PAS 2016 AMPLIACIÓN RESIDENCIA

Pola Secretaria dase lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que a continuación se transcribe literalmente:

“PROPOSTA ALCALDÍA PLENO EXTRAORDINARIO DE DATA 30/11/2016

Visto o expediente relacionado coa obra subvencionada pola Deputación Provincial da Coruña no marco do Plan de Acción Especial (PAS) 2015 para financiar as obras incluídas no proxecto de "Ampliación Miniresidencia “.

Visto o proxecto de obra básico de novembro 2015, de execución de decembro 2015 (aprobado por Pleno en data 28/04/2016) modificado con anexos de xullo 2016 e de setembro de 2016 para obtención de informe técnico de adecuación do proxecto en aplicación da normativa do decreto 254/2011 de 23 de decembro polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación, e a inspección dos servizos sociais de Galicia, proxecto e anexo de modificacións redactados por D. Carlos Rico Caramés Colexiado en Galicia n.º 3933 Consultora Cerne Ingeniería S.A. cun orzamento que ascende a: 236.687,06€ iva incluído.

Vista a Providencia da Alcaldía de data 24/11/2016 iniciando o expediente de contratación da referida obra.

Visto o informe de Intervención de data 24/11/2016 sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente e de existencia de crédito en relación a partida do orzamento municipal para a anualidade 2016 933.62200

Visto o informe de Secretaría de data 24/11/2016 sobre a lexislación aplicable, o procedemento a seguir e o órgano competente para aprobar e adjudicar o contrato.

Visto o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberá de rexer para a contratación mediante procedemento negociado das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais da Deputación provincial publicado no BOP nº 3 do 7 de xaneiro de 2016.

Considerando a necesidade deste contrato segundo o disposto nos artigos 22 e 109 do TRLCSP RDLex 3/2011, con fundamento nas necesidades de ampliación para sostemento económico da Residencia e centro de día.

En aplicación do disposto no artigo 110 e na disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, proponho que o Pleno municipal ACORDE:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación mediante procedemento negociado, para execución do proxecto "Ampliación Miniresidencia" acordando a súa licitación e aprobación de proxecto básico do proxecto de execución así como anexos de modificación que constan no expediente.

SEGUNDO.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares (prego tipo da Deputación provincial para obras relacionadas con plans provinciais) que consta no expediente xunto co de prescricións técnicas recollido no proxecto de obras, que haberán de rexer a contratación mediante procedemento negociado.

TERCEIRO.- Autorizar, en cuantía de 236.687,06€ IVE incluído o gasto que para este Concello representa a contratación das obras con cargo á partida 933.6200 do anexo de inversións do orzamento municipal para a anualidade 2016.

CUARTO.- Publicar no perfil do contratante anuncio de licitación para que durante o prazo de oito días naturais os interesados poidan presentar as solicitudes de participación.

QUINTO.- De conformidade co establecido no artigo 320.1 do TRLCSP non se constituirá mesa de contratación no presente expediente de contratación administrativa sen embargo constituírase o órgano de negociación que estará designado polos seguintes membros:

Presidente:

- A Alcaldesa, dona María Jesús Novo Gómez

Vogais:

- O encargado de obras e urbanismo, don Luís González Guerra.

- A secretaria municipal, dona Rebeca Vázquez Vázquez.

Secretaria:

- A administrativa, dona María Luisa Cacharrón Souto.

SEXTO.- Publicar a composición do órgano de negociación no perfil de contratante nomeada que será a encargada de avaliar as proposicións recibidas aplicando os criterios de adxudicación e negociación recollidos no anexo 5.1 e 5.2 do prego previa comprobación de que cumpren os requisitos esixidos no sobre A.

En Boimorto o 25/11/2016

A Alcaldesa:

Asdo.- M.^a Jesús Novo Gómez”

Di a Alcaldesa que a Xunta de Galicia emitiu o informe de viabilidade e que se aplica nesta contratación o prego tipo que obriga a utilizar a Deputación Provincial.

A Alcaldesa dálle a palabra o concelleiro do grupo municipal do BNG D. Xosé Luis Rivas que sinala que o seu grupo oponse xa que a ampliación tería que executarse de forma que a Residencia se faga autosuficiente non reducindo prazas do centro de día.

Explica a Alcaldesa que se reducen 15 prazas do centro de día ata que podan construír unha nova sala de 70 m², di que as obras de ampliación xa feitas fixeron desaparecer unha sala existente.

O concelleiro do BNG D. Xosé Luis Rivas sinala que ou se fai a ampliación en serio ou non ve correcto facer obra sobre obra.

A concelleira do PSdG-PSOE manifestase nos mesmos termos que o concelleiro do BNG di que a ampliación no se fai con cabeza.

Fai constar o concelleiro do BNG que non se diga despois por ahí que o seu grupo está en contra da ampliación, xa que está en contra de como se fai.

Sen máis intervencións con maioría absoluta de 6 votos a favor (5 dos concelleiros do grupo municipal do PP, un do membro non adscrito) e con catro votos en contra 2 dos concelleiros do

PSdG-PSOE e dous dos concelleiros do grupo municipal do BNG) o Pleno municipal
ACORDOU:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación mediante procedemento negociado, para execución do proxecto "Ampliación Miniresidencia" acordando a súa licitación e aprobación de proxecto básico do proxecto de execución así como anexos de modificación que constan no expediente.

SEGUNDO.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares (prego tipo da Deputación provincial para obras relacionadas con plans provinciais) que consta no expediente xunto co de prescricións técnicas recollido no proxecto de obras, que haberán de rexer a contratación mediante procedemento negociado.

TERCEIRO.- Autorizar, en cuantía de 236.687,06€ IVE incluído o gasto que para este Concello representa a contratación das obras con cargo á partida 933.6200 do anexo de inversións do orzamento municipal para a anualidade 2016.

CUARTO.- Publicar no perfil do contratante anuncio de licitación para que durante o prazo de oito días naturais os interesados poidan presentar as solicitudes de participación.

QUINTO.- De conformidade co establecido no artigo 320.1 do TRLCSP non se constituirá mesa de contratación no presente expediente de contratación administrativa sen embargo constituirase o órgano de negociación que estará designado polos seguintes membros:

Presidente:

- A Alcaldesa, dona María Jesús Novo Gómez

Vogais:

- O encargado de obras e urbanismo, don Luís González Guerra.
- A secretaria municipal, dona Rebeca Vázquez Vázquez.

Secretaria:

- A administrativa, dona María Luisa Cacharrón Souto.

SEXTO.- Publicar a composición do órgano de negociación no perfil de contratante nomeada que será a encargada de avaliar as proposicións recibidas aplicando os criterios de adxudicación e negociación recollidos no anexo 5.1 e 5.2 do prego previa comprobación de que cumpren os requisitos esixidos no sobre A.

2.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA APROBACIÓN EXPEDIENTE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 8/2016

Pola Secretaria dase lectura á proposición da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que a continuación se transcribe literalmente:

“PROPOSICIÓN ALCALDÍA PARA PLENO TC 8/2016

Solicítase a aprobación da urxencia deste punto a tratar vista a necesidade de crédito en partidas para contratación de persoal subvencionado programa APROL.

Acéptase a urxencia con 10 votos a favor de tódolos concelleiros/as asistentes a este pleno.

Visto expediente con informe de intervención de data 31/10/2016 de transferencia de crédito nº 8/2016 para facer fronte os gastos que poden derivarse das contratacións de persoal subvencionado polo programa APROL da Xunta de Galicia

Propoño que o Pleno municipal **ACORDE:**

PRIMEIRO.- Aprobala modificación de crédito transferencia de crédito que a continuación se indica, na que as cantidades deberán ser aplicadas ás partidas ás que se refire a providencia que motivou o expediente e que son:

PARTIDAS EN AUMENTO		
Partida Presupostaria	Denominación da Partida	Importe Euros
231.13101	Asistencia social laboral temporal	+5.118,96€
231.16001	Asistencia social seguridade social laboral temporal residencia	+ 1.091,04€
231.13100	Asistencia social salarios laboral temporal	+ 2114,40
231.16000	Asistencia social seguridade social laboral	+1.345,32€
170.13100	Medio ambiente laboral temporal	+913,68€
170.16000	Medio ambiente	+633,24€
	TOTAL EN AUMENTO	+11.216,64 €

En disminución:

PARTIDAS EN DISMINUCIÓN		
Partida Presupostaria	Denominación da Partida	Importe Euros
920.12009	Servicios de carácter xeral Outras remuneracións básicas RPT	- 2.896,64€
920.13002	Servicios de carácter xeral outras remuneracións	- 8.320€
	TOTAL EN AUMENTO	-11.216,64 €

SEGUNDO.- Tramitar o expediente axustándose aos preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLRFL, e o artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo de non presentarse reclamacións contra o mesmo, durante o prazo de exposición pública.

En Boimorto o 31/10/2016

A Alcaldesa:

Asdo.- M^a Jesús Novo Gómez “

Explica Alcaldía a necesidade deste expediente para aportacións municipais a estes gastos de persoal subvencionado coa línea APROL da Xunta de Galicia.

Sen máis intervencións por unanimidade con 10 votos a favor: 5 dos concelleiros do grupo municipal do PP, un do membro non adscrito, dous dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE e dous dos concelleiros do grupo municipal do BNG, o Pleno municipal **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Aproba-la modificación de crédito transferencia de crédito que a continuación se indica, na que as cantidades deberán ser aplicadas ás partidas ás que se refire a providencia que motivou o expediente e que son:

PARTIDAS EN AUMENTO		
Partida Presupostaria	Denominación da Partida	Importe Euros
231.13101	Asistencia social laboral temporal	+5.118,96€
231.16001	Asistencia social seguridade social laboral temporal residencia	+ 1.091,04€
231.13100	Asistencia social salarios laboral temporal	+ 2114,40
231.16000	Asistencia social seguridade social laboral	+1.345,32€
170.13100	Medio ambiente laboral temporal	+913,68€
170.16000	Medio ambiente	+633,24€
	TOTAL EN AUMENTO	+11.216,64 €

En disminución:

PARTIDAS EN DISMINUCIÓN		
Partida Presupostaria	Denominación da Partida	Importe Euros
920.12009	Servicios de carácter xeral Outras remuneracións básicas RPT	-2.896,64€
920.13002	Servicios de carácter xeral outras remuneracións	- 8.320€
	TOTAL EN AUMENTO	-11.216,64 €

SEGUNDO.- Tramitar o expediente axustándose aos preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLRFL, e o artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo de non presentarse reclamacións contra o mesmo, durante o prazo de exposición pública.

3.- PROPOSICIÓN ALCALDÍA RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO FACTURAS EMERXENCIA SOCIAL

Pola Secretaria dase lectura á proposición da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que a continuación se transcribe literalmente: (aceptouse por unanimidade con 10 votos a favor dos dez concelleiros /as asistentes, o tratamento deste punto sen ditaminar por comisión informativa).

“3.-PROPOSICIÓN ALCALDÍA RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO FACTURA EMERXENCIA SOCIAL.

Vistas as seguintes facturas de emerxencia social exercicio 2015:

Deportes López nº 0241 75,63€

Pardo electrodomésticos nº 121 429,00€

Mercería Isabel nº 922 238,37€

Logo de ver o informe de reparo da Intervención municipal de 25 de novembro de 2016 relativo á fiscalización das facturas obxecto do expediente de recoñecemento extraxudicial .

Visto o artigo 60.2 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril que outorga competencia ó pleno municipal para o recoñecemento extraxudicial de créditos cando non exista dotación orzamentaria.

Considerando que pola teoría do enriquecemento inxusto ou sen causa mantida xurisprudencialmente, pola que un empresario executou unha prestación a favor da Administración ten que cobrar o prezo da prestación aínda que non foran seguidos os procedementos legalmente establecidos xa que un defecto formal non pode implicar un prexuízo para o contratista e un enriquecemento sen causa para a Administración.

Visto o artigo 26.2 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril polo presente propoño que o Pleno municipal adopte o seguinte **ACORDO:**

PRIMEIRO.- Levantar reparo da secretaría intervención de data 25/11/2016 en relación coas facturas indicadas nos considerandos deste acordo .

SEGUNDO.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial das facturas relativas ó expediente de recoñecemento extraxudicial indicadas nos considerandos deste acordo autorizando, comprometo e recoñecendo obrigas con cargo ás partidas municipais de 2016 partida gastos emerxencia social 231.48000

En Boimorto, 25 de NOVIEMBRE de 2016

A ALCALDESA:

Asdo.- M^a Jesús Novo Gómez “

Explica a Alcaldesa que son facturas para línea de axuda de emerxencia social do ano anterior, e resume as facturas e gastos.

Sen máis intervencións por unanimidade con 10 votos a favor 5 dos concelleiros do grupo municipal do PP, un do membro non adscrito, dous dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE e dous dos concelleiros do grupo municipal do BNG, o Pleno municipal **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Levantar reparo da secretaría intervención de data 25/11/2016 en relación coas facturas indicadas nos considerandos deste acordo.

SEGUNDO.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial das facturas relativas ó expediente de recoñecemento extraxudicial indicadas nos considerandos deste acordo autorizando, compromiso e recoñecendo obrigas con cargo ás partidas municipais de 2016 partida gastos emerxencia social 231.48000

4.- PROPOSICIÓN ALCALDÍA BONIFICACIÓN ICIO ELEMENTO EDIFICACIÓN CATALOGADO LO 10/2014

Pola Secretaria dase lectura á proposición da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que a continuación se transcribe literalmente: (acéptase por unanimidade con 10 votos a favor de tódolos/as concelleiros/as asistentes o tratamento deste punto sen dictaminar por comisión informativa)

“4.-PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA BONIFICACIÓN ICIO ELEMENTO EDIFICACIÓN CATALOGADO LO 10/2014.

Vista a solicitude de bonificación do ICIO en relación coa licenza de obra 10/2014 presentada con rexistro de entrada 2664 en data 21/11/2016, pola que se solicita ó Pleno do Concello en aplicación do artigo 7.1b) da ordenanza fiscal nº 3 do Imposto de construcións, instalacións e obras o 70% de bonificación para edificacións e elementos catalogados.

Propoño que o Pleno municipal adopte o seguinte **ACORDO:**

PRIMEIRO.- Bonificar o ICIO nun 70% en relación coa licenza de obra 10/2014 segundo solicitude presentada con rexistro de entrada 2664 en data 21/11/2016 en aplicación do artigo 7.1b) da ordenanza fiscal nº 3 do Imposto de construcións, instalacións e obras, pasando a débeda tributaria de 5.118,42 € a 1.535,53 €.

SEGUNDO.- Notificar este acordo á interesada os efectos oportunos indicando os prazos de ingreso.

En Boimorto, 25 de NOVIEMBRE de 2016

A ALCALDESA:

Asdo.- M^a Jesús Novo Gómez”

Explica a Alcaldesa que a licenza estaba inda pendente de cobro e se puxo en marcha todo o procedemento para cobro no que entra a posibilidade de solicitude desta bonificación xa que esta edificación e elemento catalogado.

Pregunta o concelleiro do BNG D. Xosé Luis Rivas se foron presentadas as contas deste ano do Festival.

Resposta a Alcaldesa que sí que están en Secretaría Intervención.

Roga o concelleiro que se presenten tamén do ano pasado.

Sen máis intervencións por maioría absoluta con oito votos a favor (5 dos concelleiros do PP, un do membro non adscrito e dous dos concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE) e con dous votos en contra, dos dous concelleiros do grupo municipal do BNG o Pleno **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Bonificar o ICIO nun 70% en relación coa licenza de obra 10/2014 segundo solicitude presentada con rexistro de entrada 2664 en data 21/11/2016 en aplicación do artigo 7.1b) da ordenanza fiscal nº 3 do Imposto de construcións, instalacións e obras, pasando a débeda tributaria de 5.118,42 € a 1.535,53 €.

SEGUNDO.- Notificar este acordo á interesada aos efectos oportunos indicando os prazos de ingreso.

5.- PROPOSTA ALCALDÍA DE DEIXAR SEN EFECTO ADHESIÓN Á TARIFA SIMPLIFICADA SGAE

Expón a Alcaldía que se trata de ratificar o decreto 525/2016 no que se solicita deixar sen efecto a aplicación da tarifa simplificada da SGAE tal e como segue (procédese por Secretaría á lectura do mesmo):

“Visto o acordo do Pleno municipal celebrado en data 29 de outubro de 2015 sobre proposta de adhesión á tarefa simplificada SGAE, no cal se aproba a adhesión deste Concello á tarifa simplificada do Convenio suscrito entre a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) e a Sociedade Xeral de Autores e Editores (SGAE) na que se opta polo pago único.

Visto que este Concello non organiza numerosos espectáculos con taquilla, espectáculos gratuítos ou con prezos de taquilla subvencionados ou reducidos, actos celebrados en vía pública ó aire libre, tales como dianas, pasacalles, bailes folclóricos... nin concertos celebrados por bandas municipais, etc sen presuposto específico de gastos por cada acto celebrado; limitándose a actividade deste Concello a organizar varias actuacións a través dos programas culturais para actividades musicais, teatrais ou outras subvencionados ben pola Deputación Provincial ou pola Xunta de Galicia, tendo unha media de 3 / 4 actividades anuais culturais afectadas pola tarifa de SGAE.

Tendo en conta as circunstancias específicas deste Concello, a aplicación da tarifa simplificada supón unha cota moi superior á tarifa a pagar por cada actividade si se liquida de xeito independente. Polo que consideramos que esta segunda posibilidade se axusta máis as nosas necesidades e posibilidade económica.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Comunicar a SGAE a vontade deste Concello de non estar adheridos á tarifa simplificada.

SEGUNDO.- Someter ao acordo do Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre a rescisión do citado convenio e remitir certificación do presente decreto á Sociedade Xeral de Autores e Editores para anulación da factura emitida correspondente ao presente exercicio.”

Explica o contido á Alcaldesa e sen máis intervencións con 10 votos a favor de tódolos concelleiros asistentes a sesión plenaria o Pleno municipal **ACORDOU**:

ÚNICO.- Comunicar a SGAE a vontade deste Concello de non estar adheridos á tarifa simplificada. e remitir certificación do presente acordo á Sociedade Xeral de Autores e Editores para anulación da factura emitida correspondente ao presente exercicio.

6.- PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA APROBACIÓN ANEXO DE INVERSIÓNS TRAS MODIFICACIÓNS ANUAIS

Pola Secretaria dase lectura á proposición da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que a continuación se transcribe literalmente:(acéptase por unanimidade con 10 votos a favor de tódolos /as concelleiros/as asistentes a esta sesión plenaria o tratamento deste asunto sen dic-taminar por Comisión informativa)

6.-PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA APROBACIÓN ANEXO INVERSIÓNS TRAS MODIFICACIÓNS ANUAIS

Vistas as modificacións de crédito que afectaron ó anexo de inversións no exercicio 2016.

Visto o informe da Secretaria interventora que consta no expediente de data 25/11/2016 e o establecido no artigo 181 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais , en aplicación do RD 500/1990 e da base 15 das bases de execución do orzamento municipal do Concello de Boimorto para a anualidade 2016.

Considerando a necesidade de modificación do anexo de inversións.

Propoño que o Pleno municipal adopte o presente **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación do anexo de inversións tal e como consta en anexo a esta proposición.

SEGUNDO.- De conformidade co previsto polo art . 169.1 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real Decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo expoñer ó público polo prazo de quince días hábiles a modificación do anexo de inversións con tódolos documentos que o conforman mediante a inserción do edicto correspondente no BOP e no taboleiro de anuncios da casa do Concello , con fin de que os interesados ós que fai referencia o art.170.1 do TRLRFL poidan examinalo e presentear de se-lo caso as reclamacións que procedan e polas causas taxadas que indica o art.170.2 da mesma norma ante o Pleno corporativo que as resolverá xunto coa aprobación definitiva.

TERCEIRO .- O expediente completo de referencia considerarase definitivamente aprobado, sen necesidade de adopción de novo acordo, no caso de que non se presenten as reclamacións ás que se fai referencia no parágrafo 4º anterior, procedéndose, de seguido, á publicación da devandita aprobación definitiva da modificación do anexo de inversións no BOP e taboleiro de anuncios.

CUARTO.- No caso de se presentar reclamacións no prazo indicado no parágrafo 4º do presente deberán ser resoltas, cos informes oportunos previos , polo Pleno Corporativo, resolvendo no mesmo acordo a aprobación definitiva que deixará expedita a vía contencioso-administrativa, procedéndose, trala indicada aprobación, á publicación na forma indicada no parágrafo 5º anterior, tal e como indican os referidos artigos, así como segundo o disposto polo art. 171 do TRLRFL 2/2004, do 5 de marzo.

Boimorto 25/11/2016

A Alcaldesa:

Asdo.-Mª Jesús Novo Gómez

Pola secretaría procédese a lectura do anexo a esta proposición como segue:

CODIGO DE IDENTIFICACION	DENOMINACION DO PROXECTO	ANOS PREVISTOS		IMPORTE ANUALIDADE — Euros	TIPO DE FINANCIACION (1)	VINCULACION DOS CREDITOS ASIGNADOS
		de iniciación	de finalización			
153.261900	Mellora de camiños nas parroquias de Boimorto, Arceo e Rodieiros (POS 2016).	2016	2016	32.462,06	Ingresos afectados / 32.462,06	Cuantitativa e cualitativamente
153.261900	Mellora de camiños nas parroquias de San Pedro de Brates, Mercurín e outras (POS 2016).	2016	2016	32.987,24	Ingresos afectados / 32.987,24	"
933.62200	Ampliación de miniresidencia en Boimorto. (PAS)	2016	2016	236.687,06	Ingresos afectados / 236.687,06	"
933.63200	Pintado exterior e peche do patio no C.P.I. Armandó Cotarelo Valledor (PAS)	2016	2016	29.894,34	Ingresos afectados / 29.894,34	"
231.62700	Inversións en residencia proxectos complexo.	2016	2016	8.657,71	Recursos propios / 8.657,71	"
161.63700	Investimentos na estación potabilizadora	2016	2016	4.371,79	Recursos propios / 4.371,79	"
136.63300	Maquinaria inversión prevención incendios	2016	2016	2.420,00	Ingresos afectados 100%	"
150.62700	Recuperación de espacio público en Santarandel Parroquia de Arceo	2016	2016	14.448,76	Ingresos afectados 100%	"
153.161901	Mellora de accesos e do vertido da depuradora de Boimil (POS 2015)	2016	2016	34.510,22	Ingresos afectados 100%	"
1532.61922	Mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias do Concello de Boimorto	2016	2016	70.319,11	Ingresos afectados / 58.114,97 Recursos propios / 12.204,14	"
165.61900	Melloras no aforo enerxético do alumeadado público do Concello de Boimorto	2016	2016	41.019,00	Ingresos afectados / 27.120,00 Recursos propios / 13.899	"

CODIGO DE IDENTIFICACION		DENOMINACION DO PROXECTO		ANOS PREVISTOS		IMPORTE ANUALIDADE		TIPO DE FINANCIACION		VINCULACION DOS CREDITOS ASIGNADOS	
				Suma		507.777,29					
				Euros							
				de iniciación		de finalización					
			Suma anterior								
1720.62700	Adquisición contenedores	2016	2016	507.777,29	2016	2016	7.400,97	Ingresos afectados / 7.400,97	“	Quantitativa e cualitativamente	
231.62500	Equipamento para a ampliación da miniresidencia	2016	2016	22.957,55	2016	2016	22.957,55	Ingresos afectados / 18.973,18 Recursos propios / 3.984,37	“		
432.62700	Mellora do contorno da caseta de información	2016	2016	2.440,00	2016	2016	2.440,00	Ingresos afectados / 2.440,00	“		
341.62200	Campo de fútbol e equipamento vestiarios Polideportivo municipal	2016	2016	4.000,00	2016	2016	4.000,00	Ingresos afectados / 4.000	“		
337.63200	Mellora do equipamento da biblioteca municipal	2016	2016	2.098,86	2016	2016	2.098,86	Ingresos afectados / 2.098,86	“		
491.63700	Aplicación móbiles	2016	2016	6.957,50	2016	2016	6.957,50	Ingresos afectados / 5.984,57 Recursos propios / 972,93	“		
326.62700	Equipamento inversión PAI	2016	2016	8.390,00	2016	2016	8.390,00	Ingresos afectados / 8.240 Recursos propios / 150	“		
	Suma e sigue			562.022,17							

Sen máis intervencións por maioría absoluta con oito votos a favor (cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP, un do membro non adscrito e dous dos concelleiros do grupo municipal do BNG) e con dúas abstencións dos concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE asistentes, o Pleno municipal **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación do anexo de inversións tal e como consta en anexo a esta proposición.

SEGUNDO.- De conformidade co previsto polo art . 169.1 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real Decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo expoñer ó público polo prazo de quince días hábiles a modificación do anexo de inversións con tódolos documentos que o conforman mediante a inserción do edicto correspondente no BOP e no taboleiro de anuncios da casa do Concello , con fin de que os interesados ós que fai referencia o art.170.1 do TRLRFL poidan examinalo e presentear de se-lo caso as reclamacións que procedan e polas causas taxadas que indica o art.170.2 da mesma norma ante o Pleno corporativo que as resolverá xunto coa aprobación definitiva.

TERCEIRO.- O expediente completo de referencia considerárase definitivamente aprobado, sen necesidade de adopción de novo acordo, no caso de que non se presenten as reclamacións ás que se fai referencia no parágrafo 4º anterior, procedéndose, de seguido, á publicación da devandita aprobación definitiva da modificación do anexo de inversións no BOP e taboleiro de anuncios.

CUARTO.- No caso de se presentar reclamacións no prazo indicado no parágrafo 4º do presente deberán ser resoltas, cos informes oportunos previos , polo Pleno Corporativo, resolvendo no mesmo acordo a aprobación definitiva que deixará expedita a vía contencioso-administrativa, procedéndose, trala indicada aprobación, á publicación na forma indicada no parágrafo 5º anterior, tal e como indican os referidos artigos, así como segundo o disposto polo art. 171 do TRLRFL 2/2004, do 5 de marzo.

Ao non haber máis asuntos que tratar, a Sra. Alcaldesa remata a sesión, sendo as 10:27 minutos do expresado día. Autorízase a presente actar coa sinatura do alcalde-presidente e da secretaria que dá fe.

Vº. e Pr
A ALCALDESA,

A SECRETARIA,

Asdo.- María Jesús Novo Gómez